



Venres, 21 de Agosto do 2009

A campaña Marbanga, que sae do porto de Vigo o martes, é unha iniciativa do grupo Geoma sobre paleoclima

Investigadores vigueses buscarán, a bordo do Hespérides, datos sobre a evolución climática e tectono-sedimentaria da costa galega

A expedición relatará diariamente cun caderno de bitácora dixital diversos aspectos do traballo no buque

Campaña Marbanga a bordo do Hespérides

Os investigadores Daniel Rey e Belén Rubio xunto co responsable informático da campaña,

M. Del Río | Vigo

12 días de traballo, 24 investigadores, 15 deles da Universidade de Vigo, e un dos buques oceanográficos mellor equipados con 50 tripulantes e membros da Unidade Técnica Mariña. Este é o punto de partida do **proxecto Marbanga**, coordinado dende o grupo de investigación **Geoma** (Geología Marina y Ambiental), que ten como finalidade o estudo do paleoclima da marxe costeira do Banco de Galicia. Trátase de recoller información e mostras para poder reconstruír o clima desta zona da Marxe e Banco Continental nos últimos 30000 anos e poder estudar a súa evolución e comparar estes procesos climáticos cos que están a acontecer na actualidade. Os coordinadores desta iniciativa, os profesores Daniel Rey e Belén Rubio, salientan sobre a zona de estudo que as súas especiais características morfolóxicas “converten o flanco occidental do Banco de Galicia nun contexto xeolóxico singular no

que se pode estudar a relación entre compoñentes detríticas forzadas climaticamente e as controladas tectonicamente”. Partindo desta base e estudando os datos que se recollan nesta campaña, que levará áncoras dende o porto de Vigo o vindeiro martes 25, o obxectivo é coñecer con detalle a evolución tectono-sedimentaria da zona durante o Pleistoceno e o Holoceno, achegando información sobre o clima e a súa evolución durante este período.

Metodoloxía de traballo

Indicadores xeofísicos, temperatura do mar, nivel do mar, temperatura e condicións xerais do clima e incluso as condicións do continente nos últimos miles de anos. Os sedimentos oceánicos proporcionan todo este tipo de información a partir de indicadores indirectos, que poden axudar a establecer as condicións e variacións climáticas nese tempo. “Podemos atopar incluso información da zona continental, xa que o que os ríos arrastran ata o fondo mariño permítenos determinar as condicións en terra”, explica Daniel Rey.

Durante os días que dure a campaña, ata o 5 de setembro, faranse prospeccións xeofísicas con sondas e aparellos físicos, determinarase o releve submarino e recolleranse mostras de sedimentos. Pero o estudo non queda nos fondos mariños, xa se poderán facer “a xeito de radiografía” estudos dos primeiros centos de metros dos sedimentos. Segundo explica o investigador, “parte das mostras analizaranse no propio buque e outras conxelaranse” para o seu posterior estudo nos laboratorios da Universidade. O propósito final da campaña Marbanga, encadrada nun proxecto máis amplo do Ministerio de Educación y Ciencia, é determinar las condicións ambientais orixinais de ditos sedimentos e da columna de auga a distintas escalas temporais. Deste xeito, e comparando os datos cos do período actual, pódese determinar se se trata de variacións climáticas derivadas da ciclicidade natural, as similitudes entre as temperaturas pico, as velocidades das correntes, etc.

Obxectivos paralelos

En traballos de investigación anteriores realizados polo grupo “descubrimos determinados rasgos morfolóxicos submarinos en forma de grandes cráteres provocados por escapes de gas metano”, explica Daniel Rey. O estudo dos peculiares ecosistemas e condicións que se dan nestes lugares será un dos obxectivos secundario da campaña, parte da que se encargará o biólogo Raimundo Blanco.

Ademais, e aproveitando as novas tecnoloxías o grupo relatará diariamente a través dun **caderno de bitácora dixital** as súas experiencias a bordo do Hespérides, os diferentes aspectos do seu traballo de investigación e os detalles de viaxe.

Colaboración con outras institucións

A campaña Marbanga, coordinada polos profesores Rey e Rubio, conta coa colaboración do CSIC, propietario do barco de investigación oceanográfica pero tamén con outras institucións e universidades. Xunto co grupo de científicos da Universidade de Vigo que levarán áncoras a bordo do Hespérides, haberá investigadores e técnicos da Universidade de Aveiro, do Instituto Andaluz de Ciencias de la Tierra, da Academia de Ciencias China, do Woods Hole Oceanographic Institution, do Instituto Español de Oceanografía e da Universidade de Bremen.